




NARÓN

CONCELLO DE NARÓN

Datos Do Expediente:

EXPEDIENTE XENERICO		
Unidade Tramitadora:		
Servizos Sociais - VJZP		
Número expediente:	Documento:	
 SSO/2024/39	 SSO19I02L0	
2I4L 2F2H 2I11 6P3Y 14DX 		

ESTUDO DE VIABILIDADE ECONÓMICO-FINANCEIRA DA
CONCESIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN, ORGANIZACIÓN,
FUNCIONAMENTO E DINAMIZACIÓN DOS CENTROS
COMUNITARIOS INTEGRADOS CASAS DA MARIÑA E
MANUELA PÉREZ SEQUEIROS – CENTRO DE DÍA



ÍNDICE:

1. ANTECEDENTES
2. OBXECTO E XUSTIFICACIÓN
3. XUSTIFICACIÓN DAS VENTAXAS CUANTITATIVAS E CUALITATIVAS QUE ACONSELLAN A UTILIZACIÓN DO CONTRATO DE CONCESIÓN DE SERVIZOS
4. RISCOS OPERATIVOS DURANTE A CONCESIÓN
5. CONTEXTO DOS CENTROS COMUNITARIOS INTEGRADOS CASAS DA MARIÑA E MANUELA PÉREZ SEQUEIROS – CENTRO DE DÍA DO CONCELLO DE NARÓN
6. HIPÓTESES E VARIABLES APLICADAS
7. ANÁLISE DE INGRESOS E GASTOS
8. CONCLUSIÓN

1. ANTECEDENTES

Os Centros Comunitarios Integrados do Concello de Narón obxecto deste estudo: Casas da Mariña e Manuela Pérez Sequeiros – Centro de Día, teñen como obxectivos xerais servir de espazo de encontro para promover a convivencia no ámbito interxeracional e comunitario do Concello de Narón, facilitando a integración, participación, solidariedade e relación co medio social, canalizando cara ó Concello as aspiracións, inquietudes e necesidades da poboación, dende unha perspectiva comunitaria.

Tamén deben servir de apoio para a prestación de servizos sociais e asistenciais, e para a realización de actividades socioeducativas e socioculturais dentro do ámbito local, fomentando a conciencia das persoas usuarias da súa condición de membros perfectamente integrados na sociedade, contribuíndo ao mesmo tempo á prevención de situacións de illamento da poboación.

Para poder cumprir con estes obxectivos, se licita o presente contrato, sendo o obxecto do presente estudo analizar a viabilidade da xestión, organización, funcionamento e dinamización dos Centros Comunitarios Integrados Casas da Mariña e Manuela Pérez Sequeiros – Centro de Día.

2. OBXECTO E XUSTIFICACIÓN

A través deste estudo realizamos un achegamento previo á viabilidade da concesión deste servizo que o Concello de Narón quere licitar, redactándose de conformidade coa Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP), norma que esixe que nos contratos de concesión de servizos a tramitación do expediente vaia precedida da realización e aprobación dun estudo de viabilidade dos mesmos, vinculante se conclúe na inviabilidade dun proxecto.

Porén e tal e como recolle o artigo 285 no seu punto segundo, nos contratos de concesión de servizos a tramitación do expediente irá precedida da realización e aprobación dun estudo de viabilidade dos mesmos ou, no seu caso, dun estudo de viabilidade económico-financeira. Non se estipula, con todo, en que casos se poderá optar por unha opción ou outra.

O contido do devandito Estudo, por analoxía, será o establecido no artigo 247.2 da LCSP correspondente ás actuacións preparatorias do contrato de concesión de obras. É por iso que, para determinar a idoneidade dunha ou outra figura de estudo atenderemos ao establecido no artigo 247.6 da LCSP, que especifica que, sempre que sexa de forma motivada *"pola natureza da obra, pola súa finalidade ou pola contía do investimento requirido"*, poderase substituír a elaboración dun estudo de viabilidade por un da viabilidade económico- financeira do proxecto en cuestión.

En consecuencia, a LCSP establece a posibilidade de acordar a substitución do estudo de viabilidade por un estudo de viabilidade económico-financeira cando se considere suficiente en atención á natureza e finalidade da obra ou contía do investimento requirido. Nese sentido, e aos efectos do presente estudo, a contratación da concesión do servizo de xestión, organización, funcionamento e dinamización dos Centros Comunitarios Integrados Casas da Mariña e Manuela Pérez Sequeiros – Centro de Día, considérase obxecto dunha Análise de Viabilidade Económico-Financeira porque se trata dun servizo que non esixe máis investimento que o destinado ao equipamento propio da concesionaria para prestar o servizo, tendo en conta de que o emprazamento se entregará xa adaptado ás necesidades que presenta un centro deste tipo, segundo modelos de referencia dispoñibles.

Co obxectivo de definir as condicións e características da contratación, realizouse a proxección dos estados económico - financeiros, conforme aos datos básicos do servizo obxecto do contrato.

O contrato de concesión de servizos ten por obxecto as mesmas prestacións que o contrato de servizos (prestación de facer consistente no desenvolvemento dunha

actividade ou dirixida á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración), pero a súa contrapartida vén constituída polo dereito para explotar os servizos obxecto do contrato, ou ben polo devandito dereito acompañado do de percibir un prezo (artigo 15 LCSP).

Proponse que a concesión se estenda polo período que se determine, conforme ás prescricións técnicas e ás características do servizo que se determinan no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e no de Prescricións Técnicas, revestindo carácter contractual todos os documentos sinalados.

Queremos remarcar que esta é unha estimación básica e que ten unha función meramente estimativa e ilustrativa. Trátase tan só dunha aproximación. As empresas licitadoras interesadas deberán facer as súas propias estimacións en base o seu coñecemento do sector e modelo de negocio. Polo tanto, os datos deste estudo NON SON VINCULANTES nin se poderá pedir responsabilidade algunha ao Concello de Narón nin aos redactores deste estudo, en caso de que os datos deste estudo non se axunten posteriormente a realidade do servizo.

3. XUSTIFICACIÓN DAS VENTAXAS CUANTITATIVAS E CUALITATIVAS QUE ACONSELLAN A UTILIZACIÓN DO CONTRATO DE CONCESIÓN DE SERVIZOS

Como xa se indicou, conforme ao artigo 15 da LCSP, o contrato de concesión de servizos é aquel en virtude do cal un ou varios poderes adxudicadores encomendan a título oneroso a unha ou varias persoas, naturais ou xurídicas, a xestión dun servizo cuxa prestación sexa da súa titularidade ou competencia, e cuxa contrapartida veña constituída ben polo dereito para explotar os servizos obxecto do contrato ou ben polo devandito dereito acompañado do dereito de percibir un prezo.

Este dereito de explotación dos servizos implica a transferencia ao concesionario do risco operacional, abarcando o risco de demanda, o de subministración, ou ambos. Enténdese por risco de demanda o que se debe á demanda real dos servizos obxecto do contrato e risco de subministración o relativo á subministración dos servizos obxecto do

contrato, en particular o risco de que a prestación dos servizos non se axuste á demanda.

Entendemos que este modelo de contratación atópase xustificado nas seguintes vantaxes cuantitativas e cualitativas:

1.- O Concello de Narón é a entidade encargada de xestionar e promocionar as instalacións onde se vai prestar o servizo e non dispón dos medios necesarios para a xestión do mesmo.

2.- A transferencia do risco operacional cara a unha empresa especializada na prestación deste tipo de servizos permite ao Concello de Narón que a actividade se realice coas garantías precisas e minimiza o impacto que se puidera derivar da xestión propia polas variacións na demanda.

4. RISCOS OPERATIVOS DURANTE A CONCESIÓN

Como xa expuxemos en anteriores apartados, o trazo definitivo deste tipo de contrato é a transferencia do risco operacional. O artigo 15.2 LCSP dispón que o dereito de explotación dos servizos implicará a transferencia ao concesionario do risco operacional, nos termos sinalados no apartado cuarto do artigo 14, que á súa vez o define así:

Artigo 14.4 LCSP: O dereito de explotación [do servizo], «deberá implicar a transferencia ao concesionario dun risco operacional na explotación das devanditas obras abarcando o risco de demanda ou o de subministración, ou ambos. Enténdese por risco de demanda o que se debe á demanda real das obras ou servizos obxecto do contrato e risco de subministración o relativo á subministración das obras ou servizos obxecto do contrato, en particular o risco de que a prestación dos servizos non se axuste á demanda.

Considerarase que o concesionario asume un risco operacional cando non estea garantido que, en condicións normais de funcionamento, o mesmo vaia a recuperar os investimentos realizados nin a cubrir os custos en que incorrese como consecuencia da explotación das obras que sexan obxecto da concesión. A parte dos riscos transferidos ao

concesionario debe supoñer unha exposición real ás incertezas do mercado que implique que calquera perda potencial estimada en que incorra o concesionario non é meramente nominal ou desdeñable».

En resumo, a transferencia do risco operacional ao contratista concesionario significa que a remuneración que obteña da explotación do servizo non lle garante que vaia a recuperar os investimentos nin a cubrir os custos da devandita explotación, e que o concesionario asume todos os riscos e incertezas do mercado, tanto cando a demanda é inferior á esperada, como cando é superior á que a súa oferta é capaz de asumir.

5. CONTEXTO DOS CENTROS COMUNITARIOS INTEGRADOS CASAS DA MARIÑA E MANUELA PÉREZ SEQUEIROS – CENTRO DE DÍA DO CONCELLO DE NARÓN


5.1. O Concello de Narón

Narón é unha poboación pertencente á comunidade autonómica de Galicia. Localidade tamén presente na mancomunidade de concellos que compoñen a comarca de Ferrolterra. A poboación presentase localizada na zona norte da provincia da Coruña, formando parte da área metropolitana de Ferrol, xunto con outros municipios limítrofes cos que comparte a liña litoral da Ría de Ferrol.



A localidade de Narón conta cunha extensión de 66,2 Km² que se estende polo oeste ata alcanzar o océano atlántico e a poboación veciña de Ferrol. Os concellos de Valdoviño, San Sadurniño e Neda pechan a súa liña limítrofe polo este.

Segundo os datos do INE do ano 2024 o número de habitantes en Narón alcanza as 39.285 persoas, distribuídas en dous núcleos poboacionais principais, por un lado, a contorna urbana que se articula ao longo da estrada de Castela e, por outro lado, a contorna rural que envolve a anterior área nomeada.



A área urbana de NARÓN alberga o 80% da poboación da localidade na actualidade. En contraste con estes datos, as parroquias pertencentes ao medio rural a pesar de constituír a maior parte da superficie do concello, só albergan un 20% do volume demográfico total do termo municipal.

Co fin de garantir o dereito de participación da poboación maior pertencente ao medio rural, as actividades descentralizaranse nos centros cívico-sociais das diferentes parroquias rurais do Concello de Narón .

5.2. Os Centros Comunitarios Integrados

Os Centros Comunitarios Integrados Casas da Mariña e Manuela Pérez Sequeiros – Centro de Día son uns equipamentos municipais que compren unha función

eminentemente social e comunitaria, proporcionando ás persoas usuarias unha atención integral sen distinción de raza, sexo ou condición económica ou social, a través dunha programación global que garanta o pleno desenvolvemento físico, intelectual, afectivo, social e moral a toda a comunidade, con especial atención ás persoas maiores residentes no Concello de Narón.

O Centro Comunitario Integrado Manuela Pérez Sequeiros comparte instalación con Centro de Día para persoas maiores de Narón.

Os Centros Comunitarios Integrados desenvolven un proxecto baseado nos principios de liberdade, igualdade, solidariedade, diversidade, interculturalidade, interxeneracionalidade e de respecto dos demais, e, con especial atención das persoas maiores, tal como se contempla nas Convencións e Dereitos Internacionais.

Centro Comunitario Integrado Manuela Pérez Sequeiros – Centro de Día

- Está situado na Rúa María Casares, s/n, 15570 – Narón.



- É de titularidade municipal, sendo o Concello de Narón unha entidade local prestadora, entre outros, de servizos sociais, inscrito no rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número E-1184, con domicilio social en Praza de Galicia, número 1, 15570 – Narón.
- Ten concedido pola Consellería competente da Xunta de Galicia, con data 11 de febreiro de 2010, permiso de inicio de actividades, inscrito no Rexistro

Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número de identificación E1184C007.

- A súa capacidade é dun total de 442 prazas, das cales 40 están reservadas para as persoas usuarias do Centro de Día, xa que ao compartir instalacións, as persoas usuarias do Centro de Día adquiren a condición de usuarias do Centro Comunitario Integrado Manuela Pérez Sequeiros.

Centro Comunitario Integrado Casas da Mariña

- Está situado na Rúa Illa de San Vicente, número 1, 15570 – Narón.



- É de titularidade municipal, sendo o Concello de Narón unha entidade local prestadora, entre outros, de servizos sociais, inscrito no rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número E-1184, con domicilio social en Praza de Galicia, número 1, 15570 – Narón.
- Ten concedido pola Consellería competente da Xunta de Galicia, con data 13 de marzo de 2001, permiso de inicio de actividades, inscrito no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número de identificación E1184C005.
- A súa capacidade é dun total de 150 prazas.

5.3. Alcance do servizo

O adxudicatario quedará obrigado a realizar todas aquelas tarefas dirixidas a cumprir cos obxectivos xerais e específicos destes centros:

- a) Servir de espazo de encontro para promover a convivencia no ámbito interxeracional e comunitario do Concello de Narón.
- b) Facilitar a integración, participación, solidariedade e relación co medio social, canalizando cara ó Concello as aspiracións, inquietudes e necesidades da poboación, dende unha perspectiva comunitaria.
- c) Servir de apoio para a prestación de servizos sociais e asistenciais, e para a realización de actividades socioeducativas e socioculturais dentro do ámbito local.
- d) Fomentar a conciencia das persoas usuarias da súa condición de membros perfectamente integrados na sociedade, contribuíndo ao mesmo tempo á prevención de situacións de illamento da poboación.
- e) Prestar servizos socioculturais, socioeducativos, ocupacionais, e de carácter terapéutico de baixa complexidade, hostaleiros e do lecer.
- f) Mellorar a calidade de vida das persoas, e en especial das maiores, no Concello de Narón.
- g) Promover e fomentar a participación social e desenvolvemento da veciñanza.
- h) Facilitar a conciliación entre a vida familiar e laboral.
- i) Lograr un equilibrio afectivo satisfactorio elevando o nivel de autoestima das persoas en xeral, e das maiores en particular.
- j) Facilitar o desenvolvemento das personalidades e valores individuais, encamiñado á propia autorrealización e autonomía, e de valores sociais básicos, coma a cooperación, solidariedade, respecto, convivencia en igualdade, etc.
- k) Facilitar o acceso, e estimular o interese das persoas, en especial das maiores, ós bens educativos, culturais e artísticos

Os horarios de apertura e peche, con carácter xeral, será o seguinte por cada centro:

Temporada	Período	Días de apertura	Horario de apertura
Manuela Pérez Sequeiros	Meses de verán (xuño, xullo, agosto setembro)	De luns a sábado	8:00 - 22:00
	Resto do ano	De luns a sábado	8:30 – 22:00
Casas da Mariña	Todo o ano	Todos os días (incluídos domingos e festivos)	9:00 – 21:00

6. HIPÓTESES E VARIABLES APLICADAS

A continuación, identifícanse as variables que se consideraron no estudo de alternativas, tanto polo seu nivel de impacto no crecemento de ingresos como na o capital investido, e establécense as súas hipóteses de proxección a efectos de elaboración do modelo:

6.1. Duración do contrato

Como se sinalaba en puntos anteriores, considérase unha duración da concesión de 5 anos.

En virtude do disposto no artigo 29.6 LCSP, os contratos de concesión de servizos terán un prazo de duración limitado, o cal se calculará en función dos servizos que constitúan o seu obxecto e farase constar no prego de cláusulas administrativas particulares.

Se a concesión de servizos excede o prazo de cinco anos, a duración máxima será a que se calcule razoable para que o concesionario recupere os investimentos realizados para a explotación das obras ou servizos, xunto cun rendemento sobre o capital investido, tendo en conta os investimentos necesarios para alcanzar os obxectivos contractuais

específicos, e incluíndo tanto os investimentos iniciais como as realizadas durante a vida da concesión.

En calquera caso, dado que se trata dun servizo non relacionado coa prestación de servizos sanitarios, a súa duración máxima non poderá exceder, incluíndo as posibles prórrogas, de cinco anos.

Por iso, cabe concluír que esta modalidade de contratación encaixa mellor nun contrato de duración de cinco anos, valorando que a xestión deste tipo de espazos precisa dunha dinamización e uns medios especializados que aconsellan que o prazo de duración sexa o suficientemente flexible.

6.2. Remuneración da concesión

De conformidade co disposto no artigo 289 LCSP, o concesionario ten dereito ás contraprestacións económicas previstas no contrato, entre as que se incluírá, para facer efectivo o seu dereito á explotación do servizo, unha retribución fixada en función da súa utilización que se percibirá directamente das persoas usuarias e/ou da propia Administración.

Esas contraprestacións económicas denomínanse tarifas e teñen natureza de prestación patrimonial de carácter público non tributario. É importante destacar que o concesionario pode percibir esas tarifas directamente das persoas usuarias e/ou da propia Administración (ou poder adxudicador), é dicir como é neste caso, que o contrato pode establecer que as persoas usuarias abonen as tarifas directamente ao concesionario, ademais da prestación da propia Administración.

Pero, en todo caso, o relevante a ter en conta é que a remuneración do concesionario, sexa directa polas persoas usuarias ou a través da Administración, depende da explotación do servizo e asume os riscos derivados da devandita explotación.

Como xa se citou, o artigo 15.1 LCSP establece que a contrapartida do contrato de concesión de servizos pode vir constituída ben polo dereito para explotar os servizos obxecto do contrato acompañado do de percibir un prezo.

Por tanto, é perfectamente posible que o poder adxudicador acorde que parte da contrapartida da concesión percíbese a través da modalidade de pago dun prezo.

Non se establece un límite concreto ou porcentual ao devandito pago parcial de prezo, senón que o límite ven establecido pola obrigatoria transferencia do risco operacional. A parte de contraprestación que se satisfaga mediante o pago dun prezo non pode eliminar nin reducir a un límite testemuñal o risco operacional que debe asumir o concesionario.

O artigo 285.1.c) LCSP tamén dispón que os pregos regularán a distribución de riscos entre a Administración e o concesionario en función das características particulares do servizo, aínda que en todo caso o risco operacional corresponderalle ao contratista.

6.3. Volume de persoas usuarias

O Servizo Sociocomunitario do Concello de Narón, tendo en conta a información obtida no desenvolvemento destes centros comunitarios, coa finalidade de obter os prezos públicos dos servizos prestados, elaborou en febreiro de 2024 un Estudo Económico có obxecto de analizar os custos vinculados aos servizos prestados polos Centros Comunitarios Integrados Casas da Mariña e Manuela Pérez Sequeiros – Centro de Día (SSO18I0CZ).

A partir da información dispoñible, é dicir, a liquidación do orzamento de 2022 e os datos de explotación da empresa na súa relación económica co Concello de Narón, pode obterse unha estimación do número de persoas usuarias mensuais nas diferentes actividades, de tal xeito que:

- Nas actividades en xeral establécese unha estimación aproximada de 900 persoas usuarias atendidas.
- Nos servizos xerontolóxicos e asistenciais, 40 persoas usuarias.

- Nos servizos terapéuticos e tratamentos especiais, 100.
- Nos servizos socioculturais, de hostalería, estética e lecer, 12.700.

6.4. Prezos

Segundo a Ordenanza nº 33 do Concello de Narón, reguladora dos prezos públicos por servizos prestados nos centros comunitarios integrados Casas da Mariña, Manuela Pérez Sequeiros e Centro de Día, publicada no BOP da Provincia da Coruña nº 81 de 25 de abril de 2024, a contía dos prezos públicos polos servizos prestados nos Centros Comunitarios Integrados Casas da Mariña, Manuela Pérez Sequeiros y Centro de Día son os seguintes:

4.1. Servizos xerontolóxicos e asistenciais:	
a. Estancia no centro de día(*).	
a1.- Mes de estancia xornada completa:	726,90 €
a2.- Media xornada:	426,00 €
a3.- Hora solta ou engadida á xornada:	11,80 €
Servizo de transporte: €/km	1,10 €
b. Consulta xerontolóxica:	
☐ Xeral:	26,65 €
☐ Específica:	a determinar.
(*) O tempo de estancia máxima diaria no centro de día é de 8 horas. Excepcionalmente poderá permanecer unha hora diaria complementaria, tras o informe previo favorable do Servizo Sociocomunitario.	

4.2. Servizos terapéuticos e de mantemento psicofísico	
a.- Terapia rehabilitadora, 9 sesións.	21,40 € /mes
b.- Mantemento psicofísico - Danza do ventre, pilates, 9 sesións ao mes	21,40 € /mes
c.- Musicoterapia, 9 sesións ao mes.	14,35 € /mes
d.- loga e relaxación- loga pais/nais - infantil, 9 sesións ao mes	14,35 € /mes
e.- Estimulación mental, 9 sesións ao mes	21,40 € /mes

4.3. Servizos de masaxes e tratamentos especiais		
Servizo	Prezo	
	>60 anos	outros
Masaxe lumbar ou cervical	17,05 €	21,40 €
Masaxe lombo completo	21,40 €	28,60 €
Masaxe extremidades	14,35 €	21,40 €

4.4. Servizos socioculturais e de base ocupacional:	
Servizo	Prezo
Obradoiros, bailes, e outros	21,40 €

4.5. Servizos de hostalaría, estética e lecer:	
Servizo	Prezo
CAFÉ	0,90 €
CAFÉ DOBRE	1,05 €
CAFÉ CON XEO	1,05 €
CHOCOLATE	1,05 €
LEITE	0,90 €
INFUSIÓNS	0,90 €
AUGA	0,90 €
CERVEXA SEN ALCOHOL	1,05 €
CERVEXA	1,10 €
CERVEXA MIXTA	1,10 €
VIÑO RIOJA	1,85 €
CLARA	0,95 €
GASOSA 500 ml.	0,90 €
CARAMELOS	0,15 €
PATACAS FRITAS	1,00 €
CHOCOLATES	0,80 €
PALMEIRAS	0,45 €
VALENCIANAS	0,55 €
MADALENAS	0,45 €
PAQUETE DE GALLITAS	0,30 €
BOLIÑOS	0,55 €
MOSTO	1,05 €
REFRESCOS	1,05 €
ZUMES	0,90 €
MERENDA DE ANIVERSARIOS FAMILIARES CON ANIMACIÓN	8,35 €
XANTAR DIARIO	8,80 €
TALONARIO SEMANAL (€/MENÚ):	8,05 €
LAVAR, CORTAR E PEITEAR	9,30 €
LAVAR E CORTAR	7,10 €

Non obstante, a adxudicataria poderá establecer prezos máis baixos para as persoas que adquiren bono mensual.

Os prezos dos restantes servizos e produtos que non están contemplados na ordenanza, e debido á variedade e frecuente cambio e novidades dos mesmos no mercado, pero a adxudicataria, se os presta, non poderá cobralos por encima do custe medio do mercado.

6.5. Ingresos

Polo tanto este servizo, contaría basicamente, coas seguintes vías de ingreso:

6.5.1. Ingresos da empresa por pagamentos directos das persoas usuarias

Como xa se comentou o número de persoas usuarias que poidan ter os Centros vai a ter relación directa coa percepción de ingresos por medio do pagamento dos prezos establecidos para cada tipo dos servizos sinalados anteriormente.



Estímanse uns pagamentos totais na primeira anualidade de 330.120,55€ sen IVE.

6.5.2. Ingresos da empresa por facturación ao Concello

A contraprestación que deberá satisfacer o Concello de Narón ao concesionario para facer viable a prestación do servizo deberá ascender ao importe de 260.228,81€ sen IVE.

6.6. Principais custes

6.6.1. Gastos de persoal

Para a correcto desenvolvemento do servizo, será necesario contar co seguinte persoal a subrogar:

Nome	Contrato	Posto Traballo	Antigüidade	Xornada (%)	Horas anuais	Salario Bruto Anual	Seg. Social Empresa	Total Custo
BACEB	100	Directora	04/04/2001	100%	1762	41.199,96 €	13.985,28 €	55.185,24 €
DETOL	100	Terapeuta Ocupacional	02/09/2013	100%	1762	18.702,54 €	5.997,96 €	24.700,50 €
PEREN	100	Coordinadora	01/09/2010	100%	1762	21.868,29 €	7.043,64 €	28.911,93 €
BUALL	502	Educadora Social	01/09/2023	78%	1365,55	19.609,40 €	6.288,96 €	25.898,36 €
FEFEP	510	Educadora Social	09/04/2024	75%	1321,5	19.609,40 €	6.288,96 €	25.898,36 €
CACAJ	139C	Oficial Mantemento	15/10/2013	100%	1762	18.199,74 €	1.336,56 €	19.536,30 €
DEROI	189	Xerocultor/a	11/12/2017	100%	1762	16.976,02 €	5.449,44 €	22.425,46 €
FECUM	100	Xerocultor/a	22/06/2016	100%	1762	16.976,02 €	5.449,20 €	22.425,22 €
GOAGM	189	Xerocultor/a	04/07/2022	100%	1762	16.495,74 €	5.315,88 €	21.811,62 €
TECAM	189	Xerocultor/a	13/01/2010	100%	1762	18.417,28 €	5.906,40 €	24.323,68 €
GAROM	189	Xerocultor/a	09/02/2022	100%	1762	16.576,00 €	5.315,88 €	21.891,88 €
GOCAM	189	Camareiro/a	03/01/2000	100%	1762	19.515,08 €	6.258,36 €	25.773,44 €
SUDUM	189	Camareiro/a	03/01/2000	100%	1762	19.515,08 €	6.258,36 €	25.773,44 €
VACAM	289	Cociñeiro/a	06/03/2000	90%	1585,8	18.334,58 €	5.880,00 €	24.214,58 €
CAOTM	289	Cociñeiro/a	13/01/2010	90%	1585,8	14.031,89 €	4.881,48 €	18.913,37 €
LALOA	200	Cociñeiro/a	01/09/2024	44%	768	6.787,69 €	2.241,36 €	9.029,05 €
CUTRE	300	Animador/a Sociocultural	01/10/2022	5%	88,1	1.464,62 €	456,70 €	1.921,32 €
FEGOA	300	Animador/a Sociocultural	01/09/2014	15%	264,3	3.996,82 €	1.244,70 €	5.241,52 €
RAMAL	502	Animador/a Sociocultural	04/09/2023	20%	352,4	7.915,80 €	2.942,64 €	10.858,44 €
RILOM	300	Animador/a	03/09/2018	45%	792,9	15.812,19 €	4.918,70 €	20.730,89 €

		Sociocultural						
ROREM	300	Animador/a Sociocultural	06/09/2017	5%	88,1	No está de alta en 2025		
YAFEM	300	Animador/a Sociocultural	04/10/2018	5%	88,1	2.929,12 €	913,50 €	3.842,62 €
COLAM		Animador/a Sociocultural	18/12/2024			2.839,44 €	944,52 €	3.783,96 €
MUAGS		Animador/a Sociocultural	02/09/2024			7.350,36 €	2.445,48 €	9.795,84 €
GAGOF	300	Animador/a Sociocultural	01/09/2010	15%	264,3	1.189,68 €	399,60 €	1.589,28 €
FEROJ	189	Camareiro/a-Limpador/a	13/03/2021	100%	1762	16.575,96 €	5.663,40 €	22.239,36 €
ROROR	189	Camareiro/a-Limpador/a	01/09/2021	100%	1762	19.494,34 €	6.689,16 €	26.183,50 €
NADIN	289	Camareiro/a-Limpador/a	06/09/2022	100%	1762	16.576,00 €	5.664,00 €	22.240,00 €
						398.959,05 €	126.180,12 €	525.139,17 €

A ratio de persoal de atención directa en réxime continuado será, en cada momento, a que estableza a normativa vixente no eido dos servizos sociais da Xunta de Galicia en cada momento.

O persoal poderá ser compartido polos centros que integran este contrato.

A persoa responsable da dirección do Centro de Día deberá contar con algunha das seguintes titulacións: Educación social, Terapia ocupacional, Psicoloxía, Pedagogía, Traballo Social ou Enfermería.

6.6.2. Mantementos da edificación/instalacións

Os gastos de mantementos da edificación e/ou instalacións entenderanse incluídos nos gastos xerais, e comprenderán ao menos os seguintes:

- Análise de puntos críticos
- Demais reparacións e mantementos

6.6.3. Servizos externos

- Gastos derivados dos contratos sistemas de vixilancia e anti-intrusión.
- Gastos derivados da limpeza de todas as dependencias, instalacións e moblaxe

- c) Todos os resultantes da actividade proposta e que non estean expresamente excluídos ou sinalados a cargo do Concello de Narón.

6.6.4. Subministracións

Subministracións de produtos e materiais necesarios para o axeitado funcionamento das instalacións tales como:

- a) Telefonía
- b) Material de oficina (papelería, funxibles e similares).
- c) Comunicacións.
- d) Mantemento e actualización da páxina web.

6.6.5. Investimento

- a) Material e equipos informáticos de xestión administración.
- b) Material, moblaxe ou maquinaria necesaria para a explotación.

6.6.6. Outros gastos xerais

Tamén entenderanse incluídos nos gastos xerais, os contratos de seguros, así como os correspondentes a prevención e riscos laborais.

7. ANÁLISE DE INGRESOS E GASTOS

7.1. Previsión de ingresos

INGRESOS ANUAIS AGARDADOS

Ingresos polos pagamentos das persoas usuarias	330.120,55 €
- Centro de día	160.574,88 €
- Actividades maiores	34.061,85 €

- Actividades interxeracionais	57.000,00 €
- Resto de Servizos	78.483,83 €
Ingresos pola facturación ao Concello	260.228,81 €
- Xestión, organización e prestación de servizos	260.228,81 €
IVE (21%)	123.973,37 €

TOTAL INGRESOS

714.322,73 €

7.2. Previsión de gastos

GASTOS ANUAIS ESTIMADOS

Persoal	525.139,17 €
TOTAL CUSTES PERSOAL	525.139,17 €
Compras alimentación	69.570,13 €
Outros custes directos (Limpeza, lavandería, parafarmacia, material centro de día, uniformes...)	6.145,23 €
TOTAL CUSTES DIRECTOS	75.715,37 €
Gastos indirectos (Análise puntos críticos, reparacións e mantemento, transportes....)	42.059,82 €
TOTAL CUSTES INDIRECTOS	42.059,82 €
Beneficio Industrial (6 %)	38.574,86 €
BENEFICIO INDUSTRIAL	38.574,86€
IVE (21 %)	32.833,51 €

TOTAL GASTOS

714.322,73 €



5.3. Resultado

Beneficio Industrial: 38.574,86 euros (6 %).

8. CONCLUSIÓNS

Primeira.- É unha decisión racional, axustada a Dereito e en termos económicos e de xestión eficaz e eficiente que o Concello de Narón opte por concesionar o servizo de xestión, organización, prestación de servizos e envellecemento activo dos Centros Comunitarios Integrados Casas da Mariña e Manuela Pérez Sequeiros – Centro de Día.

Segunda.- É un prazo razoable o de 5 anos de concesión.

Terceira.- Con estas características expostas, entendemos que esta sería unha servizo económico e financeiramente viable.

Este estudo de viabilidade foi elaborado polo Servizo Sociocomunitario do Concello de Narón